



**D<sup>a</sup>. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 24 de maio 2018 , adoptou o seguinte acordo:

**15.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DO ENCONTRO DA RÚA SANJURJO BADÍA CO BARRIO DAS FLORES. EXPTE. 5107/440.**

Visto o informe de fiscalización do 15/05/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 15 de maio de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

**11.- Propostas de adxudicación**

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización do encontro da rúa Sanjurjo Badía co Barrio das Flores (5.107-440)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización do encontro da rúa Sanjurjo Badía co Barrio das Flores (5.107-440)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 3 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Excluír deste procedemento a PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non se*



cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Fomento o 23 de abril de 2018.

**Segundo.-** Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización do encontro da rúa Sanjurjo Badía co Barrio das Flores (5.107-440) na seguinte orde descendente:

|   | Licitadores                                          | Puntuación |
|---|------------------------------------------------------|------------|
| 1 | ORESA, S.L.                                          | 92,59      |
| 2 | PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.                       | 86,83      |
| 3 | CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.                    | 85,93      |
| 4 | EXCAV. Y CONSTRUCC. MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.       | 84,36      |
| 5 | NAROM, S.L.                                          | 83,93      |
| 6 | ELSAMEX, S.A.                                        | 81,53      |
| 7 | MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 78,64      |

**Terceiro.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

**Cuarto.-** Requirir ao citado licitador o aboamento de 827,36 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA, S.L., o día 4 de maio de 2018, que presenta a documentación requirida o 11 de maio, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 15 de maio de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORESA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 29/05/2018 10:13

Páxina 2 de 3

Expediente 5107/440

CSV: 25E653-A9B6D7-534BA2-7XB6KA-SHWK5N-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORESA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábles mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábles mediante fórmula, de datas 5 e 24 de abril de 2018, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a ORESA, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización do encontro da rúa Sanjurjo Badía co Barrio das Flores (5.107-440) por un prezo total de 454.877,49 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 78.945,68 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.  
O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.



|                                                                                                                                                                                                                      |                                            |               |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                                                | Data impresión: 29/05/2018 10:13           | Páxina 3 de 3 |
| Expediente 5107/440                                                                                                                                                                                                  | CSV: 25E653-A9B6D7-534BA2-7XB6KA-SHWK5N-H1 |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |               |